

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de SETEMBRO de 2008**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que se celebrará o venres, día 26 de setembro de 2008, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

***Declaración institucional**

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 9/08, de 12 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.951 á nº 14.700, de 2008.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

3.-Aprobación da primeira fase da anualidade 2008 do proxecto de eficiencia, aforro e calidade enerxética (PEACE).

4.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento en Oza dos Ríos 2ª F” do Concello de Oza dos Ríos, incluída no Programa operativo local 2006. Código 06.2300.0215.0.

5.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Colectores xerais Anchoa e outros” do Concello de Fisterra, incluída no Programa operativo local (POL) 2006. Código 06.2300.0223.0.

Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

6.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2008. 3ª relación.

7.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2008. 4ª relación.

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

8.-Aprobación definitiva do expediente de desafectación do edificio e parcela nº 1 do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo e aprobación inicial do expediente de cesión de uso dos citados bens á Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo.

9.-Aprobación da primeira fase da anualidade 2008 do proxecto MANDEO, o río como eixe dinamizador.

Economía, Facenda e Especial de Contas

10.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello do Pino.

11.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello da Laracha.

12.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Malpica de Bergantiños.

13.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Outes.

14.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Paderne.

15.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello do Pino.

16.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Sada.

17.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Sobrado.

18.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Toques.

19.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Touro.

20.-Modificación das subvencións nominativas recollidas na Base 48^a de execución do orzamento provincial do exercicio 2008.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

21.-Modificación dos importes das actuacións da segunda anualidade do Plan de dinamización do produto turístico de Ferrol Ortegal.

[22.-Iniciación do proceso de creación do Consorcio de Turismo de Eume-Ferrol-Ortegal.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN
PLENO DO 26 DE SETEMBRO DE 2008**

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 26 de setembro de 2008, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DOÑA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DOÑA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG

DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DOÑA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e sete minutos, o Sr. Secretario xeral le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/08, DO 12 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/08, do 12 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 13.951 Á Nº 14.700, DE 2008.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.951 á nº 14.700, de 2008.

Sr. Presidente

Vai proceder o secretario a ler unha declaración institucional asinada por todos os grupos, que substitúe a dúas mocións presentadas, co cal entendemos que ao aprobar por unanimidade a moción, decae a presentación das mocións.

Sr. Secretario

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O pasado día 13 de setembro reuniuse na cidade de Zaragoza, o Consello Territorial da FEMP, que representa a todas as federacións territoriais de municipios, provincias, consellos e cabidos insulares, nel aprobouse, por **UNANIMIDADE**, unha resolución de todos os participantes relacionada coa adopción de medidas sobre a negociación da reforma do modelo de financiamento local.

A FEGAMP, nunha recente reunión da súa executiva, e por unanimidade, acordou, así mesmo, que na negociación do novo modelo de financiamento local deberían ser introducidos os criterios de número de entidades singulares de poboación, extensión do territorio e avellentamento da poboación na distribución da participación en ingresos do Estado, por influír nos custos de prestación dos servizos municipais.

Polo que, coa finalidade de asumir e subscribir todas as propostas aprobadas polo Consello Territorial da FEMP e pola Comisión Executiva da FEGAMP, os tres Grupos Políticos con representación na Deputación Provincial da Coruña, fan a seguinte **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**.

1º Expresar a firme vontade de apoiar a FEMP durante o proceso de negociación que está a realizar en representación e defensa dos intereses de todas as entidades locais.

2º Considerar necesaria a unidade das entidades locais en torno ás propostas presentadas pola FEMP, que require unha resposta desde a lealdade institucional por parte dos responsables do Ministerio de Economía e Facenda, Ministerio de Administracións Públicas e Gobiernos das CC.AA, que aínda sendo coherente en relación á situación económica xeral, garanta a actividade, a prestación de servizos e o exercicio das responsabilidades públicas que se realizan de modo efectivo dende todas as entidades locais.

3º Considerar necesario incrementar a proposta de previsións para o exercicio orzamentario do ano 2009, presentado polo Ministerio de Economía e Facenda, en aplicación do sistema actual de financiamento, en relación á participación dos tributos do Estado polas entidades locais, e que se inclúa unha previsión de aumento do financiamento local con cargo aos orzamentos do ano 2009.

4º Solicitar do goberno do Estado o compromiso firme de mellorar o financiamento local, ao igual que se incluíu na proposta do Ministerio de Economía para as Comunidades Autónomas.

5º Reiterar a necesidade de que este proceso de negociación sexa impulsado, nas próximas semanas, conforme ao calendario e contidos aprobados na Mesa Negociadora Bilateral FEMP-Goberno, pechando simultaneamente o acordo de financiamento local xunto co das CC.AA.

6º Unha vez pechado o acordo de negociación deste proceso, debe formularse a súa continuidade nos ámbitos territoriais entre os gobernos das CC.AA. e os partidos políticos e cada unha das federacións Tterritoriais, para determinar a participación das entidades locais nos ingresos das Comunidades Autónomas para avanzar no proceso da segunda descentralización desenvolvendo o pacto local.

7º Instar, coincidindo coa resolución aprobada polo Consello Territorial da FEMP en Zaragoza, ao goberno da nación e a todos os partidos políticos representados no Parlamento do Estado para acadar de forma inmediata, desde o imprescindible consenso, un acordo de Estado para a aprobación dun novo estatuto do goberno local, onde se recoñeza o marco de competencias reais e se respecten os principios básicos e irrenunciáveis de igualdade, equidade, suficiencia financeira e autonomía local en todo o territorio, de concellos, deputacións, consellos e cabidos insulares.

8º Instar a que na reforma do modelo de financiamento local, para a distribución da participación nos ingresos do Estado, se teñan en conta os criterios de número de entidades de poboación, extensión territorial e avellentamento, de acordo coa resolución da FEGAMP.

Sr. Presidente

Entendemos aprobada por unanimidade, obviamente, esta declaración institucional, e mandarémola a institucións e persoas que figuran aí para que reciban a posición da Deputación provincial unánime.

3.-APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DA ANUALIDADE 2008 DO PROXECTO DE EFICIENCIA, AFORRO E CALIDADE ENERXÉTICA (PEACE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a comunicación recibida do Ministerio de Administracións Públicas relativa á resolución da convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que afecta ao período 2007-2010, de axudas para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013, onde non resultou inicialmente seleccionado o proxecto denominado “PEACE: Promoción da eficiencia, o aforro e a calidade enerxética”, cuxa

solicitud de subvención se acordou no Pleno da sesión que tivo lugar o 8 de febreiro de 2008.

Tendo en conta o interese das actuacións a executar dentro deste proxecto.

1º.- Aprobar a primeira fase da anualidade 2008 do proxecto PEACE na que se inclúen as seguintes actuacións, que serán contratadas por esta deputación:

Código	Denominación	TOTAL (Deputación fondos propios) (€)
08.3340.0001.0	Auditoría enerxética PEACE lote 1	39.222,00
08.3340.0002.0	Auditoría enerxética PEACE lote 2	72.740,00
08.3340.0003.0	Auditoría enerxética PEACE lote 3	63.612,00
08.3340.0004.0	Auditoría enerxética PEACE lote 4	45.940,00
08.3340.0005.0	Auditoría enerxética PEACE lote 5	71.780,00
08.3340.0006.0	Auditoría enerxética PEACE lote 6	47.430,00
08.3340.0007.0	Auditoría enerxética PEACE lote 7	44.835,00
08.3340.0008.0	Auditoría enerxética PEACE lote 8	63.427,00
08.3340.0009.0	Auditoría enerxética PEACE lote 9	72.043,00
08.3340.0010.0	Auditoría enerxética PEACE lote 10	69.955,00
08.3340.0011.0	Auditoría enerxética PEACE lote 11	85.699,00
08.3340.0012.0	Auditoría enerxética PEACE lote 12	71.635,00
08.3340.0013.0	Auditoría enerxética PEACE lote 13	65.086,00
08.3340.0014.0	Auditoría enerxética PEACE lote 14	52.343,00
08.3340.0015.0	Auditoría enerxética PEACE lote 15	67.956,00
08.3340.0016.0	Auditoría enerxética PEACE lote 16	62.297,00
08.3340.0017.0	Dirección de auditorías enerxéticas PEACE	18.000,00
TOTAL		1.014.000,00

2º.- O financiamento destas actuacións farase con cargo á partida 0501/560C/60103 do presuposto provincial onde existe crédito suficiente.

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO EN OZA DOS RÍOS 2ª F” DO CONCELLO DE OZA DOS RÍOS, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2006. CÓDIGO 06.2300.0215.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Saneamento en Oza dos Ríos, 2ª-F” do Concello de Oza dos Ríos incluída no POL 2006. Código: 06.2300.0215.0, cuxos datos deseguido se indican, que non representa unha variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade ou o obxecto das obras, pero si modifica o trazado destas.”

Código	Concello	Denominación	Presuposto
06.2300.0215.0	Oza dos Ríos	Saneamento en Oza dos Ríos, 2-F	474.276,09

5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “COLECTORES XERAIS DE ANCHOA E OUTROS” DO CONCELLO DE FISTERRA, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL (POL) 2006. CÓDIGO 06.2300.0223.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra “Colectores xerais de anchoa e outros” do Concello de Fisterra, incluída no Programa Operativo Local (POL) 2006, código 06.2300.0223.0, que foi presentado polo director das obras e que representa un incremento no seu presuposto de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 496.776,39 € o proxecto reformado da obra “Colectores xerais de anchoa e outros” do Concello de Fisterra incluída no Programa Operativo Local (POL) 2006, código 06.2300.0223.0, cuxa 2ª fase foi aprobada mediante acordo plenario adoptado o 29 de xuño de 2006.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento debido ao incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado que representa a cantidade de 82.723,93 € a prezos de contrata, sendo de 60.123,75 € a prezos de adjudicación. O incremento finánciao integramente a deputación (código:06.2300.0223.1), con cargo á partida 0501/519B/60101.

O adxudicatario da obra é COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A, CIF: A46146387.

Os datos do financiamento da obra quedan como segue:

“Colectores xerais de anchoa e outros” Concello de Fisterra			
	Presuposto proxecto inicial a prezos de contrata	Presuposto reformado a prezos de contrata	Incremento
	06.2300.0223.0		06.2300.0223.1
Deputación f.p.	103.513,11	186.237,04	82.723,93
Deputación outros	20.702,63	20.702,63	0
FEDER	289.836,72	289.836,72	0
TOTAL	414.052,46	496.776,39	82.723,93

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.”

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

6.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2008. 3ª RELACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o Plan de CONSERVACIÓN DE VIAS PROVINCIAIS 2008. TERCEIRA RELACIÓN cun orzamento total de 1.395.924,48.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/21001 que se detalla.

CODIGO	PROXECTO	ORZAMENTO DE CONTRATA
0811000032.0	PAVIMENTACIÓN CON MESTURA ASFÁLTICA EN QUENTE NA D.P. 5004 CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES (P.K. 0+000 AO P.K. 4+850). TERMO MUNICIPAL DE MONFERO	374.444,62
0811000033.0	PAVIMENTACIÓN CON MESTURA ASFÁLTICA EN QUENTE NA D.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA (P.K. 11+200 A 13+040) E D. P. 2102 PONTE LAGO A SOUTO (P.K. 0+000 A 2+410). TERMOS MUNICIPAIS DE TEO E CARRAL	349.924,78
0811000034.0	LEITADA BITUMINOSA NAS D.P. 3403 E D.P. 4501. TERMOS MUNICIPAIS DE DUMBRÍA, MUXÍA E MAZARICOS	172.025,25
0811000035.0	ACONDICIONAMENTO NA D.P. 7203 DE TARAGOÑA A PAZO. TERMO MUNICIPAL DE RIANXO.	51.370,84
0811000036.0	ACONDICIONAMENTO NA D.P. 6703 PRAIA DE LAXE A RIOMORTO POR XOBRE. TERMO MUNICIPAL DA POBRA DO CARAMIÑAL.	126.703,32
0811000037.0	D.P. 1001, D.P. 0805 E D.P. 3004 MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA. NOVA CAPA DE RODADURA.	321.455,67
	TOTAL	1.395.924,48

2º) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2008. 4ª RELACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2008, CUARTA RELACION, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 2.456.795,22.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/61102 e que se detalla:

CODIGO	CONCELLO	DENOMINACION	ORZAMENTO
0811100008.0	A LARACHA E CERCEDA	AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.P. 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR PK 5,900 AO 11,850	1.440.284,12
0811100009.0	ABEGONDO E OZA DOS RIOS	AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0106 DE AMEAS A OZA DOS RIOS TRAMO PK 8,600 AO 14,700	1.016.511,1
		TOTAL	2.456.795,22

2º) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3º) Dispensar do requisito previo de dispoñibilidade de terreos, de conformidade co 110 da Lei 30/2007 de contratos do sector público, se ben a ocupación efectiva de aqueles deberá ir precedida da formalización da acta de ocupación.”

8.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DO EDIFICIO E PARCELA Nº 1 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN-ARTEIXO E APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DOS CITADOS BENS Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN-ARTEIXO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica do edificio e a parcela nº 1 do Polígono de Sabón- Arteixo referenciado, e cuxa descrición é a seguinte:

Planta baixa	122 m ²
Planta primeira	122 m ²
Superficie do terreo segundo datos catastrais	5023 m ²

2º. Aprobar inicialmente o expediente de uso do ben referenciado no apartado 1 coa Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo. As condicións de cesión son as establecidas no protocolo de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo (A Coruña) para a construción e posta en funcionamento dun centro de servizos socio-administrativos.

3º. Expor ao público, mediante a súa publicación no BOP o citado expediente de cesión durante un prazo de 15 días para os efectos de presentación de reclamacións. Transcorrido o prazo de exposición ao público, someterase de novo ao Pleno da deputación para a súa aprobación definitiva.

4º. Condicionar a aprobación definitiva do expediente de cesión á realización das actuacións necesarias (redacción e aprobación do proxecto técnico, tramitación e execución das obras e equipamentos, no seu caso) para permitir a localización e funcionamento dos servizos provinciais que actualmente se prestan nas instalacións obxecto da cesión.

5º. Facultar ao presidente para a execución do presente acordo e, no seu caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

9.-APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DA ANUALIDADE 2008 DO PROXECTO MANDEO, O RÍO COMO EIXE DINAMIZADOR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a comunicación recibida do Ministerio de Administracións Públicas relativa á concesión dunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013, para o proxecto denominado "Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: río Mandeo", cuxa solicitude de subvención foi acordada no Pleno en sesión celebrada o 8 de febreiro de 2008.

Visto o proxecto reformulado desta actuación, elaborado coa finalidade de adaptalo ao orzamento elixible e á subvención efectivamente concedida.

1º.- Ratificar a resolución de Presidencia nº 13311 do 13 de agosto de 2008 por medio da cal se aceptou expresamente a subvención efectivamente concedida para o proxecto "Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: río Mandeo", de acordo co financiamento que a continuación se indica e aprobar, así mesmo, o correspondente proxecto reformulado:

	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO ELIXIBLE (€)	FEDER 70% (€)	DEPUTACIÓN 30% (€)
MANDEO	Posta en valor das concas fluviais 1-fase: Río Mandeo	12.416.585,89	8.691.610,12	3.724.975,77

2º.- Aprobar a primeira fase da anualidade 2008 do proxecto Mandeo na que se inclúen as seguintes actuacións, que serán contratadas por esta deputación:

Código	Denominación	2008 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2009 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008-2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
08.2800.0001.0	Xestión-seguimento proxecto Mandeo	9.333,10 3.999,90 13.333,00	28.000,00 12.000,00 40.000,00	28.000,00 12.000,00 40.000,00	28.000,00 12.000,00 40.000,00	93.333,10 39.999,90 133.333,00
08.2800.0002.0	Estudo de directrices de saneamento . proxecto Mandeo	69.020,00 29.580,00 98.600,00				69.020,00 29.580,00 98.600,00
08.2800.0003.0	Estudio de estado cero. Cuenca do Mandeo	29.232,00 12.528,00 41.760,00				29.232,00 12.528,00 41.760,00
TOTAL		107.585,10 46.107,90 153.693,00	28.000,00 12.000,00 40.000,00	28.000,00 12.000,00 40.000,00	28.000,00 12.000,00 40.000,00	191.585,10 82.107,90 273.693,00

3º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/560C/60103 do orzamento provincial.

Para a anualidade 2008 existe crédito suficiente na citada partida, e para as anualidades 2009 e 2010 a deputación comprométese a incluír nos respectivos orzamentos provinciais os créditos necesarios para financiar os importes correspondentes ás devanditas anualidades.

No uso das facultades conferidas ao Pleno da deputación no art. 174.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, (BOE nº 59 do 9 de marzo de 2004), modificar

expresamente as porcentaxes anuais fixadas no citado artigo, de forma que o financiamento de cada anualidade, sexa a indicada anteriormente.

4º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

10.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DO PINO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo CONCELLO DO PINO en relación coa seguinte materia:

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

Tendo en conta que o CONCELLO DO PINO xa adoptou con anterioridade o acordo de prórroga de todas as delegacións de competencias na deputación ata o día 1 de xaneiro de 2022, a vixencia desta delegación esténdese tamén ata a referida data.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

11.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DA LARACHA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar do CONCELLO DA LARACHA a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 da delegación na deputación das competencias en materia tributaria, que remataría orixinalmente o 1 de xaneiro de 2012.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas por esta Deputación provincial, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo de aceptación no Boletín Oficial da Provincia conforme co disposto no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

12.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 da delegación na deputación das competencias en materia tributaria, que remataría orixinalmente o 1 de xaneiro de 2012. Esta prórroga estenderase tamén ás futuras delegacións de competencias nesta materia acordadas polo concello ata o 31 de decembro de 2011, que sexan aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas por esta Deputación provincial, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo de aceptación no Boletín Oficial da Provincia conforme co disposto no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

13.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE OUTES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

